

II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “DESCUBRINDO O RURAL”

Acta de Reunión do 18/10/2018

Lugar: Concello de Meaño

Asunto: Reunión do Xurado do Concurso.

O 6 de setembro de 2018 aprobouse o Regulamento do II Premio de Fotografía GDR Salnés-Ulla-Umia “DESCUBRINDO O RURAL” e convócanse os premios correspondentes ao ano 2018.

O artigo 4 das bases reguladoras establece que para a concesión dos premios constituirase un xurado, composto por membros da Xunta Directiva do GDR Salnés-Ulla-Umia, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e profesionais do sector da fotografía. Nesta reunión conformouse o xurado coas seguintes persoas:

Presidenta:

- Lourdes Ucha Varela, Presidenta do GDR SALNES ULLA UMIA e Alcaldesa de Meaño

Vogais:

- Javier Blanco Carballal, Subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
- Gonzalo Gonzalo Pita, vogal do GDR Salnés Ulla Umia e Tenente-Alcalde do Concello de Sanxenxo
- Juan Manuel Vidal Seage, Secretario do GDR Salnés Ulla Umia e Alcalde de Pontecesures
- Mónica Vila Ferreiros, profesional da fotografía.

Secretaria:

- M^a Aranzazu Pérez Cerezo, xerente do GDR Salnés Ulla Umia

Persoal de apoio:

- Antonio Monteagudo Cabaleiro, Asistencia Técnica.
- Sandra García Roma, administrativa do GDR Salnés Ulla Umia

1. Entrega de documentación

Exposición por parte da Xerente das bases do concurso e entrega da documentación necesaria (bases, plantilla de valoración, pendrive coas fotografías).

2. Reconto dos participantes, incidencias.

Realizase un resumen dos datos da participación, resultando un total de 64 persoas e 184 fotografías. Das cales existen 4 participantes que incumpriron as bases:

NOMBRE	AYUNTAMIENTO	FOTOS	INCIDENCIA
JUAN MANUEL DOVAL GARCÍA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	0	Non presenta fotos impresas
MELISA GONZÁLEZ DEL RIO	MARÍN	3	Email enviado fora de prazo o día 2/10/2018
IAGO DIAZ DIAZ	SANXENXO	3	Email enviado fora de prazo o día 03/10/2018 e non cumpre co tamaño mínimo en papel
SEBASTIAN CAMACHO MUÑOZ	POIO	1	Email enviado fora de prazo o día 3/10/2018

O xurado decide que non se admiten as candidaturas anteriores xa que non cumpriron co Art. 3. das bases polos motivos expostos no cadro.

3. Preselección das candidaturas

Os membros do Xurado deciden que realizárase unha primeira selección das fotografías na que se terán en conta os criterios establecidos nas bases no Art. 5 e se seleccionaran as que pasan a unha valoración final para ser premiadas.

Establecese que a Comisión de Selección previa estea composta por:

- Arancha Pérez Cerezo.
- Mónica Vila Ferreiros.
- Antonio Monteagudo Cabaleiro.

Esta preselección será facilitada ao resto del Xurado para a súa valoración a través de vía telemática.

En Meaño, a 18 de outubro de 2018

A Secretaria

Asdo. Arancha Pérez Cerezo

Visto e prace da Presidenta

Asdo. D. Lourdes Ucha Varela

gdr
SALINES-ULLA-UMIB
DIAZ ET 2014-2018

NIF: G-36.591.725
Rúa Cronista, 43
15950 Vilaxeiras - Sarrea (Pontevedra)